
TEMA 2:

DESDE A INVISIBILIDADE DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES ATA O SEU RE- COÑECEMENTO COMO PROBLEMA SOCIAL

TEMA 3: DESDE A INVISIBILIDADE DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES ATA O SEU RECOÑECIMENTO COMO PROBLEMA SOCIAL

Nos últimos anos tivo lugar un proceso de toma de conciencia social sobre a gravidade da violencia exercida contra as mulleres, e o grande obstáculo que supón para conseguir unha sociedade xusta e igualitaria.



A conmemoración, desde 1975, do 25 de novembro como Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, congrega cada vez a un maior número de institucións e de cidadanía e fortaleceu o desenvolvemento de actuacións para a súa erradicación.

A consideración da violencia de xénero como fenómeno privado foi o que propiciou que fose entendida como un "dereito" dos homes, como algo "normal" e incluso lexítimo, para pasar, posteriormente a ser visto como algo inadecuado pero que formaba parte da vida íntima e no que, polo tanto, non se podía intervir.

A violencia de xénero formou parte da vida cotiá das mulleres ao longo da historia. Pero esta violencia estaba normalizada e naturalizada, polo que era invisible, non tiña recoñecemento e, polo tanto, estaba silenciada e oculta. Trátase dun fenómeno que leva producíndose a través dos séculos en diferente forma nas diferentes culturas e sociedades, polo que a única razón de que comece a considerarse un problema social estriba **no seu recoñecemento e visibilización: trasladouse do ámbito persoal e privado ao ámbito público.**

A violencia de xénero é **universal e transversal**, non entende de fronteiras, de idades, de clases sociais, de razas... Así o reflicten as estatísticas que amosan unha pequena parte da magnitude total da violencia exercida contra as mulleres. A realidade é que o seu recoñecemento e definición como delito comeza a instaurarse nalgunhas sociedades a finais do século XX. Ata este momento non se consideraba un problema e a estratexia utilizada era minimizala e individualizala como forma de agochala.

Foi necesario un proceso de concienciación e de sensibilización pública para visibilizar a magnitude e gravidade da violencia de xénero e promover a denuncia de tales feitos. Sacalo do espazo privado e situalo no espazo público supuxo un cambio que determinou que hoxe os actos de violencia contra as mulleres xeren rexeitamento social, aínda que, lamentablemente, non con toda a contundencia que sería desexable.

Desde esta formulación, non debemos interpretar os datos referidos a delitos relacionados coa desigualdade de xénero como unha eclosión nova nin entendendo que a súa difusión fai que outros homes repliquen agresións ou mesmo como o resultado dun momento histórico convulso. Cómpre entender que a ocultación dun problema non favorece a súa reflexión, que estamos a falar dunha das **causas máis importantes de mortalidade entre as mulleres** que conforma **un sistema que ata hai pouco permitía, alentaba e regulaba o sometemento das mulleres aos criterios e desexos masculinos**.



Grazas ao traballo do **movemento feminista**, a partir dos anos setenta, as mulleres inician, de forma colectiva e organizada, **accións contra a violencia**, que comezan a ter un **impacto social**. Realizan campañas que fan visible a extensión e a gravidade da violencia contra as mulleres, animan as mulleres a que denuncien

as agresións sexuais e os malos tratos, crean as primeiras casas de acollida e centros de axuda... co que conseguen que este problema comece a facerse público.

Durante os anos setenta utilizan unha cita da autora Kate Millet "O persoal é político" como lema, co obxectivo de evidenciar a necesidade de sacar á luz do público cuestións que se mantiñan no ámbito privado, como era o caso da violencia contra as mulleres.

Podes ler [aquí](#) o artigo "A violencia de xénero: de cuestión privada a problema social" de E. Bosch e V. Ferrer, publicado en "Mujeres en red".

Como consecuencia dese traballo de sensibilización, impulsáronse organismos específicos encargados do deseño e implantación de políticas para as mulleres, que recollen entre os seus obxectivos e actividades plans de acción contra a violencia, ata chegar ao momento actual, no que se conta con leis específicas de protección integral.

Tamén para as institucións sanitarias os malos tratos constitúen un asunto de saúde pública e iniciouse un proceso de formación de profesionais que traballan na área sanitaria e noutros ámbitos profesionais relacionados con esta problemática.

Os **organismos internacionais** recoñecen nos seus documentos que a violencia contra as mulleres é unha vulneración dos dereitos fundamentais:

- A **Organización de Nacións Unidas** (ONU), na súa Conferencia sobre Dereitos Humanos celebrada en Viena (1993) e na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres (Pequín 1995), recoñeceu a violencia contra as mulleres como un problema global que limita as liberdades e os dereitos humanos das mulleres, e como un obstáculo para o logro dos obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz.



A **Plataforma para a Acción da IV Conferencia Mundial** insta os gobernos a tomar medidas conxuntas para previr e erradicar a violencia contra as mulleres e manifesta que *"a violencia contra as mulleres é un obstáculo para lograr os obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz e viola e menoscaba o seu gozo dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais"*. A dita plataforma cumpriu xa máis de 20 anos, pero segue a ser unha poderosa fonte de orientación e inspiración: [The Beijing Platform for Action](#).

Vense de publicar recentemente o informe ["Facer as promesas realidade: a igualdade de xénero na Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible"](#), por ONU MULLERES, que inclúe un capítulo específico sobre a eliminación de todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas.

- Así mesmo, a **Organización Mundial da Saúde** (OMS) identificou a violencia contra a muller como un factor esencial no deterioro da súa saúde, xa que as agresións físicas, psíquicas e sexuais supoñen perdas ás veces irreparables na esfera biolóxica, psicolóxica e social das mulleres.



World Health Organization

- No contexto da **Unión Europea** a violencia contra as mulleres considérase unha prioridade, como se vén recollendo nos sucesivos programas ou estratexias de acción para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Así, no [Compromiso Estratégico para la Igualdad de Género 2016-2019](#), da Comisión Europea, segue sendo unha prioridade combater a violencia sexista e protexer e apoiar as vítimas. Sinala o documento que a erradicación da violencia require intensificar os esforzos de todos os afectados, incluídos os Estados membros, para mellorar a dispoñibilidade, calidade e fiabilidade dos datos, sensibilizar, cambiar actitudes, evitar a violencia, garantir ás vítimas un maior apoio e un mellor acceso á xustiza, e transpoñer e aplicar a lexislación da UE pertinente.



A Comisión vén traballando de forma intensa a través de campañas de concienciación e de moi diversos programas e iniciativas de acción comunitaria en favor dunha actitude de “tolerancia cero” respecto da violencia exercida contra as mulleres.

Así mesmo, o [Pacto Europeo para la Igualdad de Género \(2011-2020\)](#) recoñece que a igualdade entre mulleres e homes constitúe un valor fundamental da Unión Europea e que as políticas de igualdade de xénero son vitais para o crecemento económico, a prosperidade e a competitividade. O Consello fai un chamamento aos estados membros para por en marcha medidas para a eliminación de todas as formas de violencia contra as mulleres, a través de estratexias nacionais, reforzando a protección das violencia contra as mulleres e a protección das vítimas e das potenciais vítimas, e facendo ver o papel e responsabilidade esenciais de homes e mozos na erradicación da violencia contra as mulleres.

No **contexto español**, as medidas máis recentes contra a violencia de xénero son instrumentos xurídicos de aplicación nos supostos de violencia de xénero, e destacan os seguintes:

- [Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas de violencia doméstica](#). Ten como finalidade unificar os distintos instrumentos de amparo e tutela ás vítimas para, “a través dun rápido e sinxelo procedemento

xudicial, substanciado perante o xulgado de instrución, a vítima poida obter un estatuto integral de protección que concentre de xeito coordinado unha acción cautelar de natureza civil e penal”.

- [Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros.](#) Grazas a esta lei, as condutas que eran consideradas como falta de lesións, cando se cometen no ámbito doméstico pasan a considerarse delitos. Os delitos de violencia doméstica cometidos habitualmente dótanse dunha mellora sistemática, amplíase o círculo das posibles vítimas, imponse a privación do dereito á posesión e porte de armas e ábrese a posibilidade de que o tribunal que dita a sentenza acorde a privación da patria potestade, tutela, curadoría, garda ou acollemento.
- [Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.](#) Lexisla a prohibición de residir e acudir a determinados lugares, a prohibición de aproximación á vítima e a outras persoas e a prohibición de comunicación. Establece a posible suspensión do réxime de visitas, da comunicación e estadía das fillas e fillos, así como a prohibición de comunicacións por medios informáticos ou telemáticos.
- [Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.](#) Coñecida coma Lei integral, establece medidas de actuación respecto á violencia que se exerce sobre as mulleres, por parte dos quen sexan o fosen os seus cónxuxes ou dos que estean ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, incluso sen que exista convivencia. Marca un fito no tratamento da violencia contra as mulleres, ao establecer unha visión integral que abarca tanto os aspectos preventivos, educativos, sociais, asistenciais e de atención posterior ás vítimas, como a normativa civil que incide no ámbito familiar o de convivencia onde principalmente se producen as agresións, así como o principio de subsidiariedade nas administracións públicas. Igualmente abórdase con decisión a resposta punitiva que deben recibir todas as manifestacións de violencia que esta lei regula.

Esta Lei modificouse por primeira vez no ano 2015, incluíndo no seu artigo 1 aos menores fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia de xénero, **como vítimas directas desta violencia**, buscando así a visibilización dos e das menores que, no contorno da violencia de xénero, son instrumentalizados polo maltratador para exercitar a violencia sobre a muller.

Máis recentemente, tivo lugar a [ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica](#), feito en **Istambul** o 11 de maio de 2011 (BOE 137, do 6 de xuño de 2014). A importancia do Convenio estriba en que supón o primeiro instrumento de carácter vinculante no ámbito europeo en materia de violencia contra a muller e a violencia doméstica, e é o tratado internacional de maior alcance para facer fronte a esta grave violación dos dereitos humanos.

Así mesmo, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade puxo en marcha a [Estratexia nacional para a erradicación da violencia contra a muller \(2013 - 2016\)](#)¹ e o 18 de setembro de 2015 o Consello de Ministros aprobou o [Plan integral de loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual 2015-2018](#). A trata con fins de explotación sexual de nenas e mulleres constitúe unha forma máis de violencia de xénero.

En 2015 levouse a cabo a **reforma do Código Penal**, que afecta de xeito directo, entre outros, aos delitos relacionados coa violencia de xénero e que se xustifica na necesidade de reforzar a protección especial que se dispensa ás mulleres vítimas desta violencia, así como á obriga de adecuarse aos compromisos internacionais, como o xa citado Convenio de Istambul. As **modificacións máis destacadas** no texto legal son:

- A **introdución da agravante de xénero**. A reforma inclúe expresamente no art. 22.4 a referencia ao xénero como agravante, de maneira diferenciada á pertenza ao sexo. Introdúcese o rol social como causa de discriminación. Trátase dunha agravante que representa unha maior culpabilidade do autor pola maior responsabilidade do móbil que impulsa a cometer o feito, polo que é clave a

¹ No momento de actualización de contidos (maio 2019) atópase en proceso de elaboración o Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2018-2021. Queda por ver se incluírá un apartado sobre violencia de xénero, ou se se elaborará unha nova estratexia específica para a erradicación da violencia de xénero.

acreditación probatoria da intención de cometer o delito contra a muller polo feito de ser muller como acto de dominio e superioridade.

- O **novo tipo de acoso "hostigamiento", "acecho" ou stalking**. Dentro dos delitos contra a liberdade, introdúcese un novo tipo penal (art. 172 ter) destinado a ofrecer resposta a condutas de indubidable gravidade que, en moitas ocasións, non podían ser cualificadas como coaccións ou ameazas. Trátase de todos aqueles supostos nos que se producen condutas reiteradas por medio das que se menoscaba gravemente a liberdade e sentimento de seguridade da vítima, á que se somete a persecucións ou vixilancias constantes, chamadas reiteradas, ou outros actos continuos de "hostigamiento".

Con frecuencia se atopan casos nos que a muller non sufriu episodios de malos tratos durante a súa relación, pero cando se produce a ruptura e o home non o acepta, comeza a acosala con whatsapps e chamadas, a vixiala e perseguila...

- **Os matrimonios forzados** (Art 172 bis). Introdúcese o novo delito de matrimonio forzoso, optándose pola súa configuración como un tipo especial de delito de coacción. Déixase claro que o ben xurídico protexido por este novo delito é o dereito a contraer libremente matrimonio, dereito recoñecido no artigo 16 da Declaración Universal de Dereitos Humanos.
- **Divulgación non autorizada de imaxes ou sexting (art. 197.4)**. Con este novo precepto trátase de cubrir a lagoa existente cando imaxes ou gravacións dunha persoa que se obtiveran co seu consentimento, se difunden despois ou se ceden a terceiras persoas, sen o seu consentimento, cando a divulgación lesione gravemente a súa intimidade.

Coa reforma do Código Penal, péñase tanto a quen protagonízase e gravase unha relación íntima con consentimento cun terceiro e o difunda sen consentimento, como a quen reciba esas imaxes doutra persoa e as difunda, así como tamén o caso do internauta que rebota simplemente esas imaxes, sen ter participado na gravación pero si na difusión.

- **Embaucamiento (art. 183 ter 2)**. A protección dos e das menores fronte aos abusos cometidos a través de Internet ou outros medios de telecomunicación, debido á facilidade de acceso e o anonimato que proporcionan, complétase cun novo apartado no artigo 183 ter do Código Penal, destinado a sancionar a quen

a través de medios tecnolóxicos contacte cun/cunha menor de dezaseis anos e realice actos dirixidos a embaucalo/a para que lle facilite material pornográfico ou lle amose imaxes pornográficas.

En Galicia, o goberno autonómico conta cun departamento específico para a xestión, coordinación, asistencia técnica, seguimento, avaliación e control dos programas, servizos e centros dedicados á loita contra a violencia de xénero e á atención e protección das súas vítimas. Trátase da Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, dentro da Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia da Xunta de Galicia).



Cómpre destacar a posta en marcha do **Observatorio Galego da Violencia de Xénero**. Un dos eixos fundamentais do traballo do Observatorio é a prevención de todo tipo de violencia machista. Por iso ten entre as súas encomendas analizar as medidas que se están a levar a cabo na materia, propoñer iniciativas

para mellorar a situación, reforzar a cooperación entre administracións e vixiar e denunciar que non haxa discriminación sexual na publicidade.

Dependendo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, e con carácter permanente, creouse a Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista que ten como obxecto asesorar e orientar as entidades, asociacións, axentes publicitarios que o requiran, ofrecendo criterios alternativos para eliminar o sexismo nas mensaxes publicitarias e incorporar accións positivas que cooperen á erradicación de todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas.

No contexto normativo, a [Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero](#)² (publicada no DOG n.º 152 do 7 de agosto), regula a adopción de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o

² Esta lei modificouse pola *LEI 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*. (DOG 140 de 26 de xullo)

tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren e que vivan, residan ou traballen en Galicia.

LEMBRA:

O sistema patriarcal da nosa sociedade, caracterizado pola norma de inferioridade e subordinación das mulleres e a aceptación implícita da violencia está sendo substituído por unha nova visión na que a violencia patriarcal se fai visible e intolerable para a maior parte da sociedade.

Na actualidade dispomos de mecanismos legais e administrativos para a visibilización e tratamento da violencia de xénero, o que supón un importantísimo avance e marca unha clara diferenza con épocas anteriores caracterizadas polo silencio e invisibilización: a violencia contra as mulleres era ocultada e non era sancionada nin legal nin socialmente da violencia.

Esta recente consideración da violencia contra as mulleres como problema social implicou a súa visibilización e unha nova forma de abordar a súa explicación. Non é o mesmo unha abordaxe considerándoo como un problema individual ou un acto illado, desde unha análise errónea, que se atribúe a circunstancias particulares do agresor ou da vítima que como unha cuestión que ten as súas raíces nas relacións sociais de poder entre mulleres e homes baseadas na desigualdade.

Na actualidade, quedan moitos retos pendentes, e un deles é ampliar e facer máis contundente o **rexeitamento social fronte a calquera manifestación de violencia de xénero, reto ao que podemos contribuír desde o moi diversos ámbitos.**

